



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS VINTE, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DIA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do día trinta e un de marzo de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Iglesias Diaz, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; actuando como Secretaria Xeral a da corporación D^a. Paula Díaz Ramos e como interventora municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3222.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 24/02/2009, 25/02/2009 e 27/02/2009.- De conformidade co disposto no artigo 91 do Rd 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das actas das sesións realizadas con data 24/02/2009, 25/02/2009 e 27/02/2009, as que quedaron aprobadas por unanimidade.

3223.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Sra. Secretaria dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3215.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN ERRO ARTIGO 5º ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE SANEAMENTO.- uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no

Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra; 3216.- REVISIÓN DO CANON SERVIZO PÚBLICO RECOLLIDA RSU E TRANSPORTE A UN CENTRO DE TRATAMENTO, LIMPEZA VIARIA E DESRATIZACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de Intervención e notificouse á empresa concesionaria CESPAS, SA; 3217.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO (RPT) POR AMORTIZACIÓN DE PRAZAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Departamento de Intervención e Persoal do Concello."

A Corporación dáse por enterada

3224.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario, as que estiveron a disposición dos concelleiros xunto cos demais asuntos da orde do día.

A Corporación dáse por enterada.

3225.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA NÚM. 2 E 3 DA "CASA DE CULTURA DE RAXO".- Pola Secretaria dáse conta das certificacións núm. 2 e núm. 3 da obra correspondente á Casa de Cultura de Raxó, por un importe de 24855,80 € e 49703,07 €, acompañadas polas correspondentes facturas M-36000-003 e M-36000-0004, as que corresponde descontar para proceder ao pagamento os materiais utilizados na execución certificada nas mesmas que foron no seu día acopiados e abonadas.

As certificacións foron conformadas polos Directores de Obras D. Emmanuel Romero Parra e D. Miguel A. Martínez Muñoz e polo Aparellador Municipal D. Fernando Sevilla Ricote.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 10 de marzo de 2009 da existencia de crédito suficiente na partida 451.60100 para proceder a aprobación das certificacións de obra unha vez deducido o importe das contías dos materiais acopiados así como pola intervención tómase razón do endoso da certificación núm. 2 e núm. 3 da obra correspondente.

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 10 de marzo de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e do informe da intervención municipal de data 10 de marzo de 2009 sobre a existencia de crédito suficiente para proceder a aprobación das certificacións de obra número 2 e 3 por importe de 17.907,78 € e 29.518,16 € (unha vez

deducidas as correspondentes contías dos materiais acopiados).

A Concelleira Ligerero Iglesias qué se pensa facer porque o prazo de execución estimado para a obra xa finalizou.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que é mellor esperar a que acabe a obra e despois haberá que, se así se decide, mandarlle unha liquidación.

O Sr. Martínez Nacemento di que o seu grupo propón que esteamos atentos e dentro de un mes volver a revisar.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto efectuando requirimento a empresa para que non se produzan maiores demoras na execución das obras comprendidas no contrato suscrito e propor ó pleno a aprobación das certificacións de obra e a transmisión dos dereitos de cobro nelas incluídos."

O Sr. Domínguez Lino comenta que os directores de obra din no seu informe que as demoras son maiores ás previstas e pregunta se se deu cumprimento ao acordo da XGL e se remitiron o programa de obra.

A Sra. Besada Lores di que as condicións metereolóxicas non axudaron moito e ademais solicitouse un programa máis permenorizado e aínda non chegou.

O Sr. Domínguez Lino solicita que se lle faga chegar unha copia do mesmo, cando se recepcione.

O Pleno ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de 2007 e do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, en votación ordinaria e polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, ACORDOU:

Primeiro.- Prestar aprobación ás certificacións ordinarias núm. 2 e núm. 3 das obras comprendidas no proxecto "CASA DE CULTURA EN RAXÓ" por importe de 24855,80 € (dos que 6948,02 € corresponden á obra a acopios de materiais) e 49703,07 € (dos que 20184,91 € corresponden á acopios de materiais) e facturas num. M-36000-003 e M-36000-004, de data 31 de xaneiro de 2009 emitidas con data 31 de xaneiro de 2009 por ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A., C.I.F. A-15008485.

Segundo: De conformidade co artigo 201 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público tomar coñecemento do acordo de cesión dos dereitos de cobro a favor de Caixa Galicia.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo xunto coa documentación complementaria á Consellería de Cultura e Deporte.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO D. ALBERTO VILLAVERDE MÉNDEZ.

3226.- INTERVENCIÓN, EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NUM. 1/2009.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado por proposta da alcaldía de data 11 de marzo de 2009 no que se propón proceder á aprobación e pagamento de diversas facturas que tiveron entrada no Concello no exercicio 2008 e que corresponden aos servizos prestados nos exercicios 2005, 2006 e 2007 non aprobadas no seu momento por non terse constancia das mesmas no Concello.

Consta no expediente informe da intervención municipal de data 12 de marzo de 2009.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 17 de marzo de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da proposta da Alcaldía de data 11 de marzo de 2009 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1 do exercicio que consta de 18 facturas que ascenden a un total de 46.757,98 € e do informe da intervención municipal de data 12 de marzo de 2009.

A Interventora Municipal explica o contido do expediente indicando que se trata, a maior parte, de facturas de xaneiro de 2009 aínda que existen 3 ou 4 de anos anteriores e existe crédito para todas elas.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

O Sr. Domínguez Lino manifesta que van votar en contra, no mesmo sentido que o fixeron na comisión informativa e pregunta cales son as facturas de 3 ou 4 anos antes.

A Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez toma a palabra para aclarar cales son as facturas as que fai referencia o Sr. Domínguez Lino e que figuran no anexo que se xunta ao seu informe así como explica que os motivos do recoñecemento destas facturas débense dar a que se deberon extraviar porque tampouco aparecen rexistradas no seu momento no Rexistro Municipal de Facturas, de ahí a que agora se teñen que aprobar mediante recoñecemento extraxudicial de crédito.

O pleno da corporación por 10 votos a favor (7 votos do BNG e 3 votos do PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación a proposta da alcaldía de data 11 de marzo de 2009, nos seus propios termos.

Segundo: Proceder ao recoñecemento do gasto que ascende a un total de 46,757, 98 € e que se proceda ao seu pagamento, de conformidade co informe da intervención municipal e que consta no expediente.

3227.- PERSOAL, RATIFICACIÓN ACORDO DA XGL NUM. 6417, ADOPTADO POR RAZÓN DE URXENCIA, RECURSO REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. FAUSTINO LORENZO RIAL, CONTRA ACORDO DO PLENO NUM. 3195 POLO QUE SE NOMEA A D. SERAFÍN VEIGA SOLLA XUIZ TITULAR DO XULGADO DE PAZ DE POIO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo do recurso de reposición presentado por D. Faustino Lorenzo Rial de data 24/02/2009 que tivo entrada no rexistro xeral do Concello o mesmo día, num. 991, contra acordo do pleno desta corporación num. 3195 adoptado na sesión do 30/12/2008 no que se acordou nomear a D. Serafín Veiga Solla Xuíz de Paz Titular de Poio.

Consta no expediente informe da secretaria xeral de data 12/03/2009.

O expediente foi sometido a ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas co seguinte detalle: "Dáse conta do escrito de D. Faustino Lorenzo Rial, de data 24 de febreiro de 2009, interpoñendo recurso potestativo de reposición contra o acordo nº 3195 do Pleno desta Corporación do día 30 de decembro de 2008 sobre a elección do Xuíz de Paz Titular do Concello de Poio e do informe da Secretaria Xeral deste Concello de Poio de data 12 de marzo de 2009.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou desestimar o recurso de reposición presentado e que se sigan os trámites legais procedentes. "

Así mesmo, dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local num. 6417 adoptado por razón de urxencia na súa sesión realizada o 23 de marzo de 2009 e no que se acordou desestimar o recurso de reposición presentado por D. Faustino Lorenzo Rial contra o acordo Plenario num. 3195 do 30 de decembro de 2008, sobre elección de xuíz de paz titular de Poio. Así mesmo, consta no expediente a práctica da notificación realizada a D. Faustino Lorenzo Rial en forma e prazo.

Non subscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes, acordou ratificar o acordo num. 6147 adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión realizada o 23 de marzo de 2009 nos seus propios termos.

3228.- PERSOAL, AMORTIZACION PRAZAS RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO.- Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Persoal de data 13 de febreiro de 2009, na que se propón proceder á amortización de 13 prazas creadas por acordo adoptado polo Pleno en sesión plenaria realizada o 30 de novembro de 2008, iniciando os trámites correspondentes para a modificación da relación de postos de traballo.

Consta no expediente informe xurídico da Secretaria Xeral do Concello de data 12 de marzo de 2009.

O expediente foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de marzo de 2009 e que di o que segue: "Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Persoal de data 13 de febreiro de 2009 que textualmente di o seguinte: "Desde o Goberno estatal e autonómico estanse a executar distintas medidas tendentes á minimizar a situación de crise económica que se está a padecer a nivel mundial.

Unha das consecuencias inmediatas de tales medidas é a necesidade de optimizar os recursos disponibles, reducindo o gasto corrente ata os niveis que permitan garantir unha adecuada prestación dos servizos públicos.

Con tal motivo, a Lei de presupostos xerais do Estado para o exercizo 2009 limita as ofertas de emprego a un 33 por cento da tasa de reposición de efectivos.

Por tal motivo e seguindo o camiño iniciado coa amortización de tres prazas acordada polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2009, a amortización das 13 prazas creadas no derradeiro trimestre do exercizo 2008 permitirá ofertar cinco novas prazas que supoñan un verdadeiro reforzo para o persoal que actualmente presta xa servizos na Corporación, polo que en uso das delegacións conferidas a esta concelleira, elevo á Consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Proceder a amortizar as 13 prazas creadas por acordo adoptado polo Pleno en sesión Plenaria celebrada o 30 de novembro de 2008, iniciando os trámites para a correspondente modificación da relación de postos de traballo".

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar

favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

A Sra. Besada Lores reitera o xa exposto na comision informativa e que non ten sentido ningún, manter as prazas na relación de postos se non se van poder ofertar.

O Sr. Domínguez Lino expón que van apoiar a amortización, pero recordar que no pasado mes de novembro, é dicir, soamente fai catro meses, presentounos o equipo de goberno a incorporación de 13 novas prazas de persoal para o Concello de Poio, vostedes dicían "Sra. Besada: Ninguén dubida en que entramos en anos difíciles pero cremos que estas contratacións son necesarias."

"Fíxose un estudo previo e minucioso tendo en conta os servizos que se prestan en Poio"

Por tanto, Sra. Besada se as prazas eran tan necesarias e se fixo un estudo tan minucioso deles, porque catro meses máis tarde as retira. Está claro que a súa planificación e estudo minucioso, patético por non dicir outros calificativos, e que demostran unha vez máis nula planificación en persoal.

O alcalde remataba o pleno de novembro sobre este asunto dicindo que o PP, non era congruente, pide menos horas extraordinarias e máis policía locais e vota en contra da ampliación de persoal. Polo tanto ao final o incongruente que denunciaba que facía o PP, repito catro meses despois transfórmase en que o equipo de goberno é o incongruente. En catro meses de necesitar cun estudo minucioso e previo a trece traballadores agora canceláanos a proposta.

Volvemos a repetir o que desde o PP lle dixemos fai catro meses e que fixo que adelantándose a vostedes a votamos en contra desa contratación, a pesar de que nos dixeron que non queríamos crear riqueza en Poio, nin crear postos de traballo.

Estamos de acordo en contratacións de persoal e que sobre todo eviten as horas extraordinarias que a pesar das promesas da Sra. Besada o ano pasado case se duplica o gasto no ano 2009, alcanzando neste concepto máis de 250000 €, no 2008. Dixémoslle que 13 contratacións eran excesivas, que nos tempos nos que nos atopábamos (xa en novembro a pesar dalgúns) non podíamos soportar uns novos costes de persoal aproximadamente de 360.000 € que suporían trece novas contratacións "éramos incongruentes éramos contraditorios, non queríamos crear postos de traballo nin riqueza en Poio...". Coa súa decisión creo que esas palabras as deben de rectificar como mellor lles veña en gaña. O tempo da e quita razóns e unha vez máis dá razón ao PP.

A Sra. Besada Lores di que recorda que naquel pleno vostede propuxo a realización dun estudo minucioso das necesidades do Concello en materia de persoal, o estudo fíxose e as necesidades foron 13 prazas pero neste momento existen termos que impiden a súa cobertura, pero o que se está a facer agora é rematar os procesos selectivos de anos atrás, do ano 2005 e 2006, nas que hai prazas ofertadas pero aínda non se fixeron os correspondentes procesos selectivos e a lei obriga a facelos no prazo de 3 anos.

O Sr. Barreiro Lubián non sabe se hai alguén que está en contra da mellora do servizo con máis persoal, o estudo fíxose sobre as necesidades urxentes chegándose a conclusión de que se crearan 13 prazas, creándose de golpe polo anuncio do goberno de conxelar a oferta. Tendo en conta as prazas do ano 2005 que están sen convocar e o traballo de elaboración non ten sentido mantelas ahí.

Ninguén está en desacordo que hai que facer traballos pero si hai desacordo en como facelos.

O Sr. Alcalde di que o estudo está feito e as explicacións déronse do porque se van amortizar, é preferible rematar os procesos abertos e o óptimo sería ter a plantilla con esas prazas pero por agora non é posible.

A Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada pola concelleira de persoal nos seus propios termos.

Segundo: Proceder a amortizar as 13 prazas creadas por acordo adoptado polo Pleno en sesión plenaria realizada 30/11/2008, iniciando os trámites para a correspondente modificación da relación de postos de traballo.

3229.-PATRIMONIO, RATIFICACIÓN ACORDO DA XGL NUM. 6359, ADOPTADO POR RAZÓN DE URXENCIA, RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. DOLORES ABOAL NUÑEZ E OUTROS CONTRA ACORDO DO PLENO 3199, SESIÓN 30/12/2008, POLO QUE SE DECLARABA PÚBLICO UN CAMIÑO UBICADO EN SENTIDO NOROESTE Á TRAVESÍA DA COSTA EN LIÑARES, SAN XOÁN.- Dáse conta do expediente tramitado co motivo do recurso de reposición interposto por D^a. María Dolores Aboal Nuñez e outros con data 13 de febreiro de 2009 contra acordo do pleno num. 3199 adoptado na súa sesión do 30 de decembro de 2008 no que se acordou declarar público o camiño ubicado no sentido noroeste á travesía da Costa no lugar de Liñares (San Xoán).

Consta no expediente informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral con data 27 de febreiro de 2009.

O expediente foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 03/03/2009, co seguinte tenor: "Visto o acordo núm. 3199 adoptado polo Pleno desta Corporación Local na sesión do día 31 de decembro de 2008 e visto o recurso de reposición presentado o 13/02/09 co núm. 771 do rexistro de entrada por Dna. María Dolores Aboal Nuñez e outros, e previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello, que di textualmente:

"Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal pertencente ás Subescalas de Secretaría-Intervención e Secretaría, categoría de entrada, en cumprimento do establecido no artigo 195 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, emite o seguinte INFORME

1. Antecedentes de feito.

- Relación de expedientes informados para a súa inclusión na orde do día da Comisión Informativa de urbanismo a celebrar o 3 de marzo de 2009:

- Recurso de reposición contra o acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada polo Pleno con data 30 de decembro de 2008, de data 13 de febreiro de 2009, nº rexistro de entrada 771, actuando como representante ante a Administración en aplicación do sinalado no art. 34 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, D^a Dolores Aboal Nuñez.

- Consta no expediente notificación practicada á interesada con data 21 de xaneiro de 2009; a D. José Luis Buceta Alonso con data 22 de xaneiro de 2009; a D. Jorge César Díaz Pastoriza con data 23 de xaneiro de 2009, non tendo constancia da considición de interesada no procedemento de D^a Ángela Ogando Abilleira.

2. Consideracións xurídicas.

Primeiro.- Requisitos de admisión.

O recurso de reposición regúlase nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En aplicación do art. 52.2º.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, o acordo plenario de 30 de decembro de 2008, puxo fin á vía administrativa, cumpríndose o primeiro dos requisitos.

En canto á lexitimación, a excepción de D^a Ángela Ogando Abilleira, todos eles en canto interesados no procedemento administrativo, poden presentar recurso de reposición.

En terceiro lugar, e tendo en conta as datas de notificación descritas nos antecedentes de feito, o recurso de reposición estaría presentado en tempo, xa que non ería transcurrido o prazo máximo do mes ao que se refire o art. 117.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Polo que resulta admisible debendo requirir a D^a Ángela Ogando Abilleira para que xustifique a súa condición de interesada nos termos do art. 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, debendo en caso contrario tramitar o recurso con exclusión da mesma.

Segunda.- Motivos alegados.

En relación coas consideracións xurídicas realizadas polos recurrentes, remítome ao xa informado por esta Secretaría con data 13 de novembro e 11 de decembro de 2008." Esta Comisión acorda: ratificarse no acordo do Pleno."

O asunto foi sometido por razón urxencia a consideración da Xunta de Goberno Local na súa sesión realizada o 09/03/2009 na que se acordou por unanimidade de asistentes desestimar o recurso de reposición interposto por D^a. María Dolores Aboal Nuñez e outros contra o acordo num. 3199 adoptado polo Pleno en sesión realizada o 30 de decembro de 2008, declarando público o camiño ubicado no sentido noroeste á Travesía da Costa no lugar de Liñares (San Xoán), na forma prevista nos informes emitidos polo enxeñeiro municipal e que forman parte do expediente.

Non subscitándose ningún debate, o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes adoptou o seguinte ACORDO

Primeiro: Ratificar o acordo num. 6359 adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión realizada o 09/03/2009, nos seus propios termos.

3230.- PERSOAL, INCREMENTO DE DETERMINADOS COMPLEMENTOS ESPECÍFICOS.- Previa ratificación por unanimidade de asistentes da inclusión do presente asunto na orde do día sen ser ditaminado pola correspondente comisión informativa no momento da súa inclusión, pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión extraordinaria realizada o 31/03/2009 e que di o que segue: "Dase conta do expediente tramitado a instancia da Concelleira de persoal polo que se formulan catro propostas de incremento do complemento específico de sete prazas existentes na relación de postos de traballo en razón a disitntas funcións que concurren nos mesmos: no caso dos policíaas locais por canto sendo as mesmas funcións as que están a desenvolver deben percibir as mesmas retribucións, e nas outras dúas prazas afectadas, o incremento ven motivado pola asunción de novas funcións e polo tanto de maior dedicación e responsabilidade.

As propostas foron informadas pola Secretaría e pola Intervención con data 18 e 20 de marzo de 2009 sendo sometidas a Mesa Xeral de Negociación de conformidade co sinalado nos arts. 37 e seguintes da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público formalizándose a acta incorporada ao expediente.

A concelleira de persoal comenta ademáis aos asistentes que de acordo cos compromisos adoptados estánse a redactar os pregos que posibilitarán a contratación do servizo de elaboración da relación de postos de traballo.

Ángel Moldes pregunta cál vai a ser o procedemento a seguir con aquelas prazas que se beneficiaron dun complemento específico máis elevado polo desempeño de determinadas funcións que corresponden a prazas actualmente cubertas.

Consuelo Besada resposta que este tipo de situacións veranse correxidas, no caso en que así corresponda, coa formación do citado instrumento de persoal.

O concelleiro delegado de facenda engade que a relación de postos de traballo permitirá correxir outro tipo de deficiencias existentes en materia de retribucións de acordo con criterios obxetivos, sendo os incluídos no expediente que se eleva a consideración de Pleno os máis evidentes.

Manuel Domínguez pregunta si con posterioridade esas prazas deixan de prestar as funcións descritas na proposta,

se o complemento específico se vai ver tamén reducido proporcionalmente.

A Interventora e Secretaria asistentes á sesión, solicitan o uso da palabra para aclarar aos membros da Comisión Informativa qué elementos inciden na configuración do complemento específico para así poder diferenciarlo do distinto complemento de destino consolidable pola prestación de dous anos continuados ou tres con interrupción de postos de categoría superior.

Rematado o debate, e sometido a votación ordinaria, polo voto favorable da totalidade dos concelleiros asistentes, a Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptou o ditame seguinte:

Primeiro.- Ditaminar favorablemente o expediente de incremento do complemento específico de sete prazas existentes na relación de postos de traballo nos propios termos descritos nas propostas da concelleira de persoal incorporados ao expediente (cinco prazas de policía local, operadora e técnico de aperturas”.

O Sr. Domínguez Lino expón que o incremento está suficientemente xustificado nas propostas que forman parte do expediente e parécelle de acordo, e pregunta á Concelleira de Persoal como está o procedemento para a contratación da Relación de Postos de Traballo, xa que se falou do tema en varias ocasións.

A Sra. Besada Lores contesta que a intención era esa, a de elaborar unha relación de postos de traballo, pero pola falta de persoal e coas contratacións de todas as obras comprendidas dentro do FEIL non se puido tratar, pero agora, unha vez rematados os procedementos volverase a retomar, despois de semana santa.

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros ACORDOU

Primeiro: Aprobar inicialmente o incremento do complemento específico de sete prazas existentes na relación de postos de traballo (cinco de policía local, unha de operadora e unha de técnico de aperturas), nos termos indicados nas propostas da Concelleira de Persoal que constan no expediente e con efectos retroactivos a 01 de xaneiro de 2009.

Segundo: Someter a información pública polo prazo de quince hábiles mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Practicar a notificación individualizada de cada un dos interesados.

MOCIÓNS URGENTES.- Non se producen

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Prodúcense as seguintes:

O Sr. Domínguez Lino di que no último pleno do mes de febreiro, a miña compañeira Sra. Nieto García preguntou por dúas cuestións sobre o conflito de Caritel, contestándose que se daría resposta por escrito, e como non nos deu resposta por escrito, incumprindo, por certo coa súa obriga, volvémosllo a preguntar e se ten a ben contestar por respecto á primeira forza política de Poio que somos e por propio respecto aos veciños de Caritel e que levan máis dun ano soportándonos:

Se non pensa convocar a mesa de integración que tanto os veciños de Caritel como o propio PP levámoslle pedindo desde fai meses e que se realice en Poio.

Vendo os últimos acontecementos que están a ocorrer en Caritel con denuncias por ambas partes, ameazas, etc, que fan cada vez máis visible a imposibilidade da integración. Se non pensa dar volta atrás aos devanditos realoxos en Caritel antes de que ocorra unha desgraza.

O Sr. Alcalde contesta que se dará traslado por escrito.

COMPARENCIA DA CONCELEIRA DE PERSOAL E DO CONCELEIRO DE SEGURIDADE CIDADÁ SOLICITADA POLO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN COS SEGUINTE TEMAS:

- Situación actual da plantilla de policía local.
- Medidas tomadas polo equipo de goberno, para evitar a situación de precariedade na que se atopa a plantilla de persoal.
- É posible que haxa días nos que nos exista Policía Local de garda no Concello de Poio?

Comeza a comparecencia o Concelleiro de Seguridade Cidadá D. Francisco Piñeiro Murillo dicindo que nestes momentos existen en plantilla 8 policías locais, dos que 3 estaban de baixa e un de permiso o pasado sábado, dándose a circunstancia de que soamente había un policía, pero foi

unha cuestión puntual pero o que é o servizo nunca se deixou de prestar.

Os 365 días do ano existe servizo polo que penso que non hai precariedade. Esperemos que non cheguen días que non haxa servizo ademais temos 5 policíaas que se van ter que incorporar á Academia Galega de Seguridade Pública, o que será unha cuestión inevitable.

Estase a barallar a posibilidade de contratar auxiliares de policía local antes da tempada de verán, pero houbo que facer unha consulta para ver a viabilidade.

De todas as maneiras, agradecer aos funcionarios que están en activo e que están a responder dunha maneira excepcional xa que deixan de disfrutar os seus días libres e cumpren coas necesidades do servizo, a todos pero de maneira especial ao Xefe da Policía Local.

O Sr. Domínguez Lino di que a situación de precario xurde cando se dá a circunstancia que hai un so policía de servizo, xa que en días pasados deuse esta circunstancia.

Tamén habería que revisar as causas polas que hai funcionarios de baixa.

O Sr. Piñeiro Murillo pídelles ao voceiro do PP que aclare o exposto, xa que pode dar lugar a malos entendidos.

O Sr. Barreiro Lubián pregúntalle ao Sr. Domínguez Lino cal é o motivo da pregunta, se é pola situación dos funcionarios ou se pode haber algo máis, xa que de acordo coa intervención do Sr. Domínguez se lle preocupa o número de baixas na policía en canto a súa saúde, pero se lle preocupa algo máis e se o insunúa debería aclaralo.

O Sr. Domínguez Lino responde que lle preocupa a saúde dos funcionarios e porque hai catro baixas.

O Sr. Piñeiro Murillo pregunta como se poden manter os servizos con catro baixas, pero que de todos os xeitos non se deixou de prestar o servizo e ademais houbo cun caso dunha chamada telefónica de Andurique, polo tema dunha rotura que non era unha emerxencia para a policía local, senon que o particular o único que pretendía era que se levantara un atestado aos únicos efectos de reclamación do seguro.

Por outra, parte destacar que nestes últimos anos mellorouse o servizo, coa prestación os domingos que antes non había e agora si hai, tamén hai procesos abertos pero é un proceso lento pero si que aumenta paulatinamente.

A Sra. Besada Lores di que neste momento hai oito gardas de policía local, dous que se van incorporar pero primeiro terán que ir á academia e por outra parte, no Departamento de Persoal estanse a elaborar as bases para o

nomeamento funcionario dun inspector e dun oficial, o cal aumentaría a plantilla a 12.

COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DA CONCELLEIRA DELEGADA DE VÍAS E OBRAS SOLICITADA POLO PP PARA QUE INFORMEN SOBRE AS CUESTIÓNS SEGUINTES:

"Desde o ano 2003, na que o grupo municipal que represento e comezou a súa andadura dentro da corporación municipal, e vimos denunciando as continuas roturas de tuberías de subministros de auga que se producen ao longo de todo Poio, pero especialmente na parroquia de San Salvador (nos lugares como Andurique, A Barca, A Caeira, etc) ou na parroquia de San Xoán (Albar, etc); esixíndolle unha rápida solución. Desde o equipo de goberno sempre se nos fala de proxectos, da Xunta, etc, pero sen dar solución e as roturas seguen o seu curso e cada día son máis habituais. Para mostra, o caso que ocorreu esta fin de semana en Andurique, o venres unha rotura que deixa sen auga aos veciños durante oito horas e o sábado outra rotura a 50m escasos da anterior, que volve a deixar sen auga durante dez horas aos veciños e con inundacións en locais comerciais.

- A que tipo de proxecto se refire o Alcalde cando fala? e, canto tempo necesita para levalo a cabo? Repito que desde o ano 2003 nos está falando de proxectos... se realmente existe algún proxecto presentado, convenio asinado, ou algo similar, se nos facilite unha copia do mesmo.

-Que medidas está tomando o Concello de Poio, para evitar que se repitan estas roturas de tuberías de abastecemento de auga?

-Cando a concelleira de obras fala da Confederación Hidrográfica, a que se está a referir. Preguntamos se presentou algún escrito, proposta ou algo similar. Se é así, rogamos se nos remita unha copia da solicitude."

Comeza a comparecencia a Concelleira Delegada de Vías e Obras, D^a. Consuelo Besada Lores dicindo que con respecto ás roturas a interrupción do servizo de abastecemento foi de 6 horas e non de oito como manifesta o Sr. Domínguez

Con respecto á Confederación Hidrográfica hai unha reunión concertada para despois de semana santa, para ver se se pode facer unha substitución da tubería, que rompe debido aos cambios de tempo .

O Sr. Alcalde expón que é sorprendente que vostede non sepa cal é o proxecto as que nos referimos, xa que vostede o apoiou cando se falou en varias ocasións da P0308.

Cando o Sr. Nuñez Feijoo, era Conselleiro de obras públicas negou axuda para Poio, e agora esperemos que os despolve e os trate e que se governe para todos.

Nos tramos onde se renovan todos os servizos na PO 308 (saneamento, auga...) grazas a Xunta e o Concello, tamén se actua con iniciativa privada mediante esixencias do concello. Hai que seguir a facer investimentos na mellora da rede da PO308 xa que hai problemas que se teñen que mellorar.

É unha estrada de competencia da Xunta e tense que mellorar mediante negociacións con eles e téñense que implicar, e que non se nos marxine, como se fixo ata agora. E grazas á presión veciñal, conseguíuse renovar os servizos así como o asfalto.

Hai proxectos en marcha que pretenden mellorar o servizo, como por exemplo coa construción do Depósito de Pomar.

Con respecto á Confederación hai un estudo, no que estamos incluídos, onde se prevé unha mellora dos caudais e condución.

O Sr. Domínguez Lino di que esperan que no estudo se reflita Poio e se siga reivindicando xa que na Zona de Andurique houbo 9 roturas, en catro meses (2004-2005).

O Sr. Alcalde di que nos últimos dous anos son as primeiras roturas na zona de Andurique que se producen, tomándose medidas desde aquela.

O Sr. Domínguez Lino di que figuraremos en informes e estudos pero que nestes momentos os veciños pagan uns impostos, os máis altos da zona, e estamos cun IPC negativo, e non sigan de comparsa saíndo nos medios de comunicación.

O Sr. Alcalde di que lamenta que vostede non esté de comparsa coa persoa que ao meu lado se senta (con permiso da concelleira).

Son realidades recoñecidas polo equipo de goberno, o curioso é que a Xunta daquela con vostede de concelleiro busque datos onde se investiu na PO308 e noutros sitios.

Nestes anos compensáronse os agravios cometidos co concello e agora esperemos que vostede como concelleiro e voceiro nos axude cos novos proxectos. Xa que se vostede fai unha revisión dos datos da Xunta de antes e de agora verá as diferencias existentes (anos 2003-2006-2009).

A Sra. Besada Lores di que por alusións ao que se publica na prensa de comparsa, pediría respecto á decisión dos veciños de Poio, xa que os traballos fanse para mellorar os servizos e con respecto aos insultos do Sr. Alcalde, rematado o pleno no que lle chamou "gilipollas"

foi despois dunha provocación e esas son actitudes totalmente "nazi".

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, polo Sr. Presidente levántase a sesión, da que eu, secretaria xeral dou fe.